CRÓNICA

TERRITORIO OCUPADO

Fran Alonso

Fotografías de Manuel G. Vicente

O exilio 3
A guerra 13
Territorio ocupado 37

EDICIÓNS **XERAIS** DE GALICIA

Estes tres capítulos pertencen á parte final do libro *Territorio ocupado*, publicado polo escritor Fran Alonso e ilustrado polo fotógrafo Manuel G. Vicente. O libro foi editado por Edicións Xerais de Galicia en 1998 e posteriormente recibiu o Premio Losada Diéguez ao mellor libro literario do ano.

© do texto, Fran Alonso
© das fotografías, Manuel G. Vicente
© Edicións Xerais de Galicia, S.A.

O EXILIO

A FUXIDA DA POBOACIÓN



1

«Cando se produciu a invasión marroquí tivemos que enfrontarnos a tres problemas simultaneamente: o primeiro foi o de lle facer fronte ao avance inimigo; o segundo, o de evacuar a poboación ameazada e levala a zonas máis seguras; e o terceiro, a reorganización do exército e a procura de armamento para formar unidades competentes. Desde o 31 de outubro do 75 ata maio do 76 vivimos unha situación espantosa. Uns meses de loucura. Durante ese tempo proclamamos a República Árabe Saharauí Democrática en Bir Lehlú e intentamos facerlle comprender á opinión pública internacional que existiamos e que as cousas non eran como as pintaba Hassan II.» [Brahim Gali].

2

«Fuxín de Dakhla en canto chegaron os marroquís, canda o exilio masivo da poboación. Eu, Hassena Mohamed, tiven moita sorte e puiden alcanzar os primeiros campamentos de refuxiados nun vehículo. Moita xente fixo a viaxe andando. Os que tiñan coches que non eran todoterreo acababan por abandonalos porque se lles enterraban na area. Algunha xente facía viaxes continuas para ir levando grupos de persoas de vinte en vinte quilómetros. Eu instaleime nos campamentos de Um Dreiga. A maior parte da poboación que habita hoxe os campamentos de refuxiados de Tinduf chegou en condicións extremas, fuxindo da invasión marroquí e da súa mortífera aviación, que perseguiu implacablemente a poboación civil.

Era pleno inverno. A rapidez da inesperada ocupación obrigou o pobo a fuxir a pé polo deserto ou nos sobrecargados vehículos cos que a Fronte Polisario trataba de salvar algunhas vidas. A sede e o frío aniquilaban a poboación. Mulleres houbo que chegaron con tres, catro e cinco nenos ás costas, logo de camiñaren quilómetros e quilómetros pola area, sen auga, sen comida. Moita xente desapareceu no camiño para sempre.

Para a aviación marroquí non había barreiras. Bombardearon a poboación civil nos primeiros campamentos de refuxiados, que daquela aínda estaban en territorio saharauí. Durante o primeiro ataque, eu atopábame nun improvisado hospital de campaña que montamos preto do campamento de Um Dreiga para atender a xente que chegara, esgotada e enferma, da longa travesía. Serían sobre as nove da mañá e baixaba cun grupo de feridos cara ao campamento, acompañando a Mohamed, un home que estivera traballando como enfermeiro durante a colonización española. Os feridos tiñan que ser evacuados para Tinduf. Nese momento, caeron as primeiras bombas sobre o campamento, que estaba instalado entre montañas. Habitá-

bao moitísima xente, refuxiada e desarmada. Entón deixamos os feridos en mans doutras persoas e Mohamed e mais eu botamos a correr cara a alí, porque eramos os responsables do dispensario principal. De súpeto caeron outras dúas bombas de napalm sobre as montañas. Cando chegamos o espectáculo era horroroso. Todo estaba abrasado, como incendiado. Múltiples cadáveres, dispersos, sobre a area. Había membros de corpos mutilados, espallados por todas as partes. Cada vez que o lembro fáiseme un nó na gorxa. Brazos, pernas, rostros de persoas... de persoas das nosas familias, dos nosos amigos, do noso pobo. ¡Era un espectáculo arrepiante! Había cadáveres de nenos destrozados polo impacto das bombas, corpos inertes ao longo da montaña... Durante cinco interminables días estivemos reunindo eses restos dos nosos familiares e amigos para poder enterralos. Non sei cántos morreron. Nin quero sabelo. Demasiados. Todos os saharauís que hoxe están en Tinduf e aqueles días estaban en Um Dreiga, todos perderon alí algún membro da súa familia. Febreiro de 1975. A traxedia perseguíanos.

O bombardeo da aviación marroquí durou tres días espantosos. A maior parte das víctimas foron mulleres e nenos. O seu obxectivo estaba ben claro, era a poboación civil, pois alí non había corpo militar e, aínda que o houbese, era case imposible bombardealo porque non tiña bases fixas. O noso exército estaba composto por guerrilleiros que eran expertos coñecedores do terreo, e a súa configuración móbil convertíaos nun obxectivo francamente difícil de localizar e bombardear para a aviación marroquí».

3

«Logo da traxedia, o Polisario decidiu trasladar a poboación civil a Tinduf, en territorio alxeriano. Alí a aviación marroquí non podería entrar e as xentes estarían seguras. Case todo o mundo foi evacuado en vehículos ata Rabuni desde os puntos bombardeados con napalm e fósforo branco. Os sobre-



viventes que se atopaban en mellores condicións tiveron que facer o camiño a pé, durante vintecinco días, seguindo unha rota ao longo da que a Fronte Polisario fixera pozos, pois os marroquís envelenaran a maior parte dos pozos naturais. O exército apoiaba a poboación repartindo os poucos víveres de que dispoñía. Isto xa forma parte da nosa historia e está fotografado e documentado.

Todos os refuxiados que chegaban a Tinduf ían a Rabuni, que daquela constituía a única base existente. Só alí había auga e algo de comida. Durísimo. Calquera que vise aquel campamento os primeiros meses apostaría que ninguén podería sobrevivir alí. Eu mesmo non o podo crer cando penso o que foi e o que é hoxe. A xente que chegou fuxindo non traía nada. Nin sequera un vaso. Eu vin familias empregando unha *melfa*, a túnica das mulleres, para facer un toldo que lles dese sombra durante o día e que os abrigase do frío durante a noite. Estabamos en pleno inverno e as temperaturas no deserto nesa época están por debaixo dos cero graos. Debémoslle moito ao apoio de urxencia que nos prestou o estado alxeriano. Trouxéronnos roupa, comida e tendas de campaña. Logo, a Media Lúa Vermella mobilizouse para conseguir medicamentos e algún material. Así comezamos a organizarnos.

Desde 1975 ata hoxe os campamentos de refuxiados evolucionaron dun xeito incrible. A partir da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática, comezamos a idear unha organización administrativa que nos representase, conformando as administracións do estado. Así naceron as *wilayas*, que tamén buscaban certa capacidade defensiva, repartindo a poboación entre varios núcleos estratéxicos. Durante aqueles primeiros anos, os campamentos de refuxiados estaban cheos de trincheiras. Logo da nosa experiencia, non podiamos confiarnos.

Co primeiro congreso da Fronte Polisario eliximos a Lueli como secretario xeral, que asumiu a presidencia do goberno. Eu integreime entón no exército e combatín na fronte, contra Mauritania. Lueli tamén combatía, coma calquera de nós, e morreu nunha operación na fronteira mauritana. A experiencia da guerra é dura e amarga. O combate sempre é a vida ou morte.» [Hassena Mohamed].

4

Sen dúbida, foi un dos días máis emocionantes da miña vida. Un soño. Unha utopía eternamente acariciada. Impresionante. Todo o pobo estaba emocionado. Non existen palabras para expresalo. Era a noite do 27 de febreiro de 1976. En Bir Lehlú, unha pequena poboación a 130 quilómetros da fronteira alxeriana. Nas zonas liberadas. Conmovedor. Alí proclamamos a República Árabe Saharauí Democrática. Un día memorable. Axítaseme o corazón só con lembralo. ¡Un auténtico soño! Ata a victoria final, nunca coñecerei nada semellante. [Brahim Gali]

5

Cando aquel ciclón de refuxiados desconcertados se precipitou sobre Rabuni, ti estabas alí, coma sempre, orientándoos, explicándolles o que tiñan que facer, axudándoos, loitando, construíndo, aconsellando. Aquilo era un caos e ti sábelo mellor ca ninguén. A xente do teu pobo, esgotada e sorprendida, tiña que instalarse alí, na *hamada* de Tinduf. Non había infraestructura, nin comida, nin material para o remuíño que se aveciñaba e ti sabíalo ben porque estabas na loita desde o principio, cando te rebelaches con Bassiri, cando sufriches prisión, cando axudaches a crear a Fronte Polisario, ti, que tampouco esperabas a dolorosa traizón do goberno español. Sen embargo, fostes saíndo adiante, coa axuda de Alxeria e das organizacións humanitarias. Alí, espetados no corazón da *hamada*. Onde a calor era insufrible e as condicións de vida, un inferno. Alí, onde nin sequera as serpes habitan. Alí, onde o siroco levanta ese po de area do que nada sabiades e que tanto mal vos fai. Alí. Onde pasaches os días máis amargos. Alí, onde nin roupa tiñades para abrigarvos. Onde as epidemias levaron tantos amigos. Alí, onde tantos nenos viches morrer durante aqueles horribles primeiros anos. Onde a xente do pobo, beduínos de boa fe, analfabetos e desorientados, non daban asimilado o que lles estaba a pasar.

Tivestes que cambiar a táctica militar. Tivestes que formar un exército de verdade, afeitos como estabades a atacar os pequenos postos das tropas españolas, cando non queriades mortos; só chamar a atención. Pero, de súpeto, chegou a guerra. A guerra de verdade. A guerra contra aquela aviación que bombardeara o voso pobo. Ti víchelo, ¿lembras? Os que puideron chegaron mutilados e feridos a Tinduf. Co corpo cuberto de queimaduras. Tivestes que formar un exército de verda-

de, con poucas armas pero con toda a vontade e a xustiza do voso lado. Era o Exército de Liberación, o voso. Infiltrábase nas cidades ocupadas, traendo xente para os campamentos, facendo prisioneiros, distribuíndo panfletos, atacando os cuarteis e as tropas marroquís. ¿Lembras canta amargura? ¡Pero qué forza vital!

E, cos teus, asistiches ao acto de proclamación da República, aquel memorable 27 de febreiro. Lémbralo, claro que o lembras, cómo non o vas lembrar. Todos comezastes a cantar e bailar de alegría logo de que Lueli Mustafá pronunciase aquelas palabras en Bir Lelhú. ¿Lembras? Había xornalistas que llo contaron ao mundo. Estaba nacendo un estado e eles dixéronllo a todo o planeta. Non pode un esquecer facilmente aquel día, ¿verdade? Porque alí, malia todo, naceu algo novo. Se cadra, o que naceu foi a esperanza. ¿Non é, Sidi Libsir?

A GUERRA

A ESTRATEXIA DO ALACRÁN

1

O 27 de Febreiro de 1976, case ao tempo que o último continxente do exército español abandona definitivamente o Sáhara, o Polisario proclama a República Árabe Saharauí Democrática en Bir Lelhú. A invasión marroquí polo norte e a mauritana polo sur son xa unha realidade que se produce coa complicidade española. O 14 de abril dese mesmo ano Marrocos e Mauritania repártense oficialmente o Sáhara Occidental. Sen embargo, o 7 de xuño o Exército de Liberación Popular Saharauí (ELPS) toma Nouakchott, a capital mauritana. Durante a operación, morre en combate Lueli Mustafá Sahyed, o líder saharauí. Desde ese cerco, comeza a primeira etapa dunha guerra claramente favorable ao Polisario. Un ano despois, en xullo do 77, os saharauís realizan de novo un forte ataque contra Nouakchott durante o que o propio pazo presidencial sofre un bombardeo. A guerra coloca a Mauritania nunha difícil posición política e económica que desemboca nun golpe de estado en xullo de 1978, encabezado polo coronel Ould Salek. A partir de entón Mauritania retírase do Sáhara Occidental e as tropas marroquís invanden esa zona sur sen que o Polisario poida impedilo.

De aí en diante os esforzos do ELPS céntranse nos ataques contra as tropas marroquís. Algúns destes ataques, de enorme eficacia, esténdense a cidades como Akka, preto de Agadir e no propio interior de Marrocos. Ata o momento en que Hassan II pon en práctica a súa política de construcción dos muros defensivos (a construcción do primeiro comezou en agosto de 1980) o Polisario dominaba a situación, que cada

vez era máis problemática para o reino alauíta, colocándoo nunha situación comprometida e minguando os seus efectivos económicos e militares, ao tempo que os saharauís ían gañando terreo diplomático no escenario internacional. Nalgúns momentos a Fronte Polisario chegou mesmo a controlar militarmente o 90% do territorio do Sáhara Occidental. Marrocos decide entón mudar de estratexia, abandonando a pretensión de dominar todo o territorio en favor da concentración dos seus efectivos militares en puntos importantes e columnas ben dotadas de medios. Desde aquela, apoiado pola tecnoloxía norteamericana, Marrocos inicia a construcción dos muros defensivos, poñéndolle cancelas ao deserto. O primeiro dos muros é de agosto de 1980, entre Uad Draa e Saac, e o último data de abril de 1987, entre Bir Nzaran a Tichla. Un total 2.500 quilómetros de muros, de norte a sur do Sáhara, separan na actualidade as zonas ocupadas polas Forzas Armadas Reais marroquís das zonas liberadas e controladas pola Fronte Polisario. A partir de entón a guerra entra nunha nova fase caracterizada por unha situación de estancamento que non lle resulta favorable a ningún dos dous bandos, aínda que Hassan II logrou cortar os continuos asedios que sufrían as súas tropas e as localidades ocupadas.

O ELPS, que malia todo atopou o xeito de traspasar os muros marroquís, tamén se viu obrigado a cambiar de táctica, comezando unha guerra de fustrigamento ás tropas inimigas para forzalas a un importante desgaste económico e psicolóxico. Os soldados de Hassan II, aínda que xa non perdían terreo, convertéronse en prisioneiros dos seus propios muros porque a partir de entón foron sempre os saharauís os que levaron a iniciativa das confrontacións bélicas.

2

Brahim Gali. Ministro de Defensa saharauí durante máis de catorce anos, en períodos descontinos. Na actualidade, máximo responsable para as zonas ocupadas. El é un dos homes

claves do conflicto saharauí. Un dos cerebros da "estratexia do alacrán", como teñen denominado nalgúns medios de comunicación á guerra de guerrillas no deserto.

—¿Cando xorde o Exército de Liberación como entidade independente da Fronte Polisario?

—A Fronte Polisario dividiuse en dous corpos desde os inicios da loita armada: un militar e outro civil. Sen embargo, na práctica, ata o ano 75 só existía un dos dous corpos, que funcionaba tamén como civil. Ese ano integráronse no exército un enorme número de saharauís. A partir do 76 ou 77, non lembro exactamente, pasou a chamarse Exército de Liberación Popular Saharauí (ELPS).

—Durante aqueles primeiros meses de guerra aberta era difícil imaxinar que o conflicto se fose prolongar tanto.

—Uns días despois da invasión, Hassan II declarou á prensa que xa chegara ao seu territorio, que non atopara resistencia e que para apazugalo todo definitivamente só precisaba unha ou dúas semanas de paseo co seu exército. Nós contestamos a ese desafío coa primeira acción de envergadura que levamos a cabo, en xuño do 76, contra a capital mauritana, durante a cal



desgraciadamente perdemos o noso líder. Daquela concentramos as forzas fundamentalmente no máis débil dos dous aliados que nos invadiran, Mauritania. Os nosos ataques levaron a ese país ao afundimento: produciuse a súa saída da guerra, a sinatura da paz e o seu recoñecemento da República Árabe Saharauí Democrática. A partir de aí concentramos as forzas contra Marrocos. O noso problema estendíase tamén a nivel da opinión pública internacional, que ignoraba o conflicto. Marrocos, que ten moito poder nos ámbitos de influencia internacional, era máis escoitado ca nós, e a opinión pública non sabía o que estaba a pasar aquí.

—Todos os observadores militares aseguraban que a guerra de guerrillas no deserto era imposible. O Polisario demostrou o contrario. ¿Como foi ese milagre?

—Eu non diría que foi un milagre. Os saharauís, fillos do Sáhara, afeitos a este deserto e magníficos coñecedores do territorio, debido á súa escaseza de forzas, víronse na necesidade de encontrar unha táctica que os fixese perder os mínimos efectivos posibles e obrigar o inimigo a perder os máximos, na necesidade de adaptar o método de guerrillas ao deserto. Trátase, simplemente, de saber cómo, cándo e oónde. E para levalo a cabo hai que responder moitas preguntas que se cadra unha persoa que non coñeza o deserto nunca sería quen de responder. Nesas respostas está o segredo da nosa propia defensa.

—Ata 1979 o Exército de Liberación fixo incursións na zona do Draa e no propio Marrocos. Logo, sen embargo, abandonan esas incursións.

—Iso debeuse a unha decisión nosa. Desde a creación da Fronte Polisario nós rexeitamos a posibilidade de levar a cabo combates ou operacións que se asemellasen ao terrorismo. Certos medios de comunicación intentaron cualificar esas incursións no sur de Marrocos como accións terroristas. Aínda que eran accións de lexítima defensa do noso propio país, a opinión pública internacional non comprende esta realidade porque se producían dentro do territorio doutro país, internacionalmente recoñecido, e non se trataba do territorio de conflicto. Para evi-



tar malentendidos decidimos poñerlle fin a aquelas accións que penetraban en Marrocos e limitarnos ao Sáhara.

—O ELPS dominou claramente o campo da batalla ata 1981, pero a partir desa data prodúcese a construcción dos muros e unha importante axuda americana e francesa ao exército marroquí que poñen fin a ese dominio.

—A partir de 1981, cando Reagan chega á Casa Branca, increméntase a axuda americana a Marrocos. Entón comezou a construcción dos muros defensivos. Xa era moi notorio que a nosa peculiar guerra de guerrillas nos permitía asestarlle golpes decisivos ao inimigo. Desde a construcción dos muros tivemos que cambiar de táctica e adaptarnos á nova situación. O inimigo intentaba levarnos a unha guerra de posicións, algo que nós evitamos por todos os medios. Daquela, para sermos quen de superar esa nova estratexia militar, decidimos que había que estudiar a fondo o sistema defensivo dos muros, con

todos os seus dispositivos e compoñentes. O que fixemos foi buscar os seus puntos débiles durante catro anos de guerra de desgaste que requiriron estudios, exploracións e incursións dentro do terreo que eles controlaban para analizar as súas defensas. Ata 1986. A partir dese ano entramos nunha segunda etapa da guerra de desgaste e comezamos a recoller os froitos dos nosos estudios e exploracións. Durante os tres anos que viñeron despois, pasamos á ofensiva e levamos a cabo importantes accións, colleitando bos resultados. A nova presión militar que estabamos a exercer obrigou a Marrocos a aceptar o Plan de Paz. Ademais, Hassan II chegou á conclusión de que o cesamento do fogo sempre o ía favorecer. Nós declaramos unha tregua unilateral entre xaneiro e outubro de 1989, antes do Plan de Paz de 1991. Precisamente cando nós anunciamos a reanudación das accións bélicas, Marrocos declarou que estaba disposto a asumir o Plan de Paz.

—Tanto os prisioneiros capturados tras a construcción dos muros como os xornalistas que os traspasaron cos soldados saharauís demostraron a vulnerabilidade dese sistema defensivo. ¿Cal é o nivel de seguridade para o ELPS?

—Os muros son un sistema defensivo composto por varios elementos que nós neutralizamos un por un para poder chegar a el: aramados, campos de minas, radares... En canto estás no muro, este convértese nun valo de defensa tanto para ti como para o adversario. A cuestión é ver quen é máis áxil, máis hábil e máis valente. Hai que coñecelo para poder neutralizar os puntos fortes e aproveitar os puntos fracos.

3

O sistema defensivo dos muros construíuno Marrocos coa axuda e asesoramento da administración Reagan. A súa estructura consiste nun terraplén de terra e pedras de dous a tres metros de alto e outros dous metros de ancho, que se foi estendendo ao longo de 2.500 quilómetros de deserto. Diante dos muros hai aramados e campos de minas que dificultan o

acceso e, soterrados baixo eles, un sofisticado sistema de ordenadores conectados a baterías de artillería e unha mesta malla de pantallas de radar –un cada quince quilómetros– e infravermellos que captan calquera movemento. Estes, logo de analizar a súa velocidade, tamaño e dirección, envían a información e mais as coordenadas de tiro ás pezas de artillería, que comezan a disparar automaticamente. Por detrás dos muros hai foxos anticarro e, cada mil metros, un posto de observación con quince homes. Cada dous quilómetros e medio atópase un pelotón; cada cinco quilómetros, un destacamento; e cada vinte, un grupo de intervención rápida. En total, a defensa dos muros está cuberta por 170.000 soldados e 25.000 homes pertencentes á aviación, o que vén sendo o 90% do exército marroquí.

4

A escola militar Mártir Hadad ten a misión de instruír e especializar as tropas activas do Exército de Liberación Popular Saharauí. Está situada en territorio liberado, preto da fronteira da RASD con Alxeria. Cunha capacidade para 500 solda-

dos, configúrase como a maior da que dispón o ELPS. As outras escolas militares situadas en territorio liberado son subterráneas. A Mártir Hadad, sen embargo, está defendida por antiaéreos, con radares e foguetes de longo alcance. O seu bombardeo por parte da aviación marroquí preséntase difícil, pois a escola está situada nun ángulo morto de guerra. Para poder destruíla, os avións inimigos terían que facer un xiro no aire que os levaría a invadir o espacio aéreo alxeriano. Nela impártense as especialidades de artillería, antiaéreos e acoirazada. O profesorado constitúeno oficiais saharauís que se formaron no campo de batalla ou en academias alxerianas. Durante os primeiros anos de guerra, entre 1976 e 1979, aproveitaron a instrucción militar que lles proporcionaban os oficiais marroquís prisioneiros.

5

Salem Bucharaya é o director da escola militar Mártir Hadad. Oficial de Artillería, combateu na fronte desde finais de 1977 ata 1989, ano en que foi ferido. Posteriormente asumiu a dirección da escola. Salem naceu en xaneiro de 1957 en Ngir, unha poboación na zona montañosa de Tiris, hoxe ocupada por Marrocos. Estudiou na escola primaria do Aaiún. Confesa que durante aqueles anos estaba convencido, como os seus amigos e compañeiros, de que España era o seu país. Os da súa xeración viviron de cativos nun ambiente que lles impediu ser conscientes do feito colonial. Facían deporte, ían á praia e vían os partidos de fútbol e as corridas de touros na televisión española. A partir de 1974, a través doutros estudiantes, Salem comezou a oír falar dunha organización, coñecida co nome de Fronte Polisario, que reivindicaba a independencia do Sáhara, argumentando que non formaba parte do territorio español. De alí en diante foise decatando de que os españois que tiña por compañeiros de clase, bos amigos, pertencían a un mundo totalmente distinto ao seu. A necesidade de construír un país propio, independente, facíaselle tanxible. En 1974 mar-



chou a Tenerife para poder proseguir os seus estudios universitarios, pois no Aaiún non había universidades. Permaneceu na Universidade de La Laguna, ata o Nadal de 1977. Logo viaxou a Tinduf, onde fuxiran os seus pais e irmáns.

6

«Cando os marroquís invadiron o Sáhara en 1975 estaban absolutamente errados con respecto ao seu futuro militar. Hassan II declarou que se trataría dunha semana turística. El non contaba con que os saharauís, tivesen ou non tivesen armas, tivesen ou non tivesen financiamento, eran donos de algo moito máis perigoso: a moral. Ese foi o seu erro. Os marroquís entraron a saco no Sáhara e puxeron en práctica operacións militares en rexemento nun deserto que descoñecían totalmente. Imaxínese un coronel do exército marroquí graduado en Francia, en Rabat, ou en Marraquech, que nunca pisara o deserto, que non coñecía o Sáhara, e que non aguantaba a sede, o frío e a calor, e nin sequera tiña unhas referencias mínimas do terreo. A situación é absolutamente diferente á dun

raposo que naceu no Sáhara, que sempre viviu no Sáhara, e que era quen de se defender cun simple Kalasnikov. Así que durante os primeiros anos levamos a cabo operacións de envergadura porque o inimigo persistía en ignorarnos completamente. Capturamos moito material: americano, francés, israelí, español... Ós cinco ou seis anos de guerra, os americanos, daquela aliados incondicionais de Marrocos, e mais os israelís estudiaron o conflicto no Sáhara e chegaron á conclusión de que as Forzas Monárquicas non servían para atacar, senón unicamente para defender. De aí naceron os sistemas defensivos. Entón foi cando decidiron construír os primeiros muros.»

7

«Cando se levantaron os primeiros muros, estivemos certo tempo sen levar a cabo ningunha operación militar. A estratexia que adoptasemos tiña que levarnos xa desde o principio a destruír esas defensas. O día en que puxemos en marcha a primeira operación xa coñeciamos os mecanismos de funcionamento de todos os compoñentes defensivos dos muros e puidemos burlar o sistema, capturando varios oficiais prisioneiros e moito material bélico. Logo dun ano, os marroquís perfeccionárono. Inicialmente, as minas estaban a catrocentos ou cincocentos metros do muro e os arames a douscentos. O radar estaba cinco quilómetros por detrás. A partir do segundo muro houbo variacións. Os muros de terra pasaron a ser dous, e colocáronlles as minas a cen ou douscentos metros, para impedir que as desactivasemos. Tamén a colocación do radar variou: puxérono na fronte, no Punto de Apoio onde se atopaban as compañías. Outra volta, estudiamos as posibilidades de ataque. De alí saíu unha táctica que chamamos "de fustrigamento". O seu obxectivo era provocar unha situación de desgaste psíquico no soldado marroquí, tratando de telo intranquilo durante as 24 horas do día, amais dun importante desgaste económico para arcas de Hassan II. Por exemplo, achegabámonos cun morteiro de 82 mm e 3 km de alcance a un outeiro.

Tirabamos unha granada. A granada caía no Punto de Apoio e comezaba a alerta, porque alí había unha compañía. En primeiro lugar, están obrigados a comunicárllelo aos seus oficiais superiores: póñense a funcionar as radiotransmisións. En segundo lugar, os soldados vense obrigados a meterse nas trincheiras. En terceiro lugar, multiplícanse as vixilancias. En cuarto lugar, o Posto de Comando pasa a situación de alerta. De alí a unha hora chegan á conclusión de que todo rematou e de que nós marchamos. Entón lanzamos unha segunda granada. E así continuamente. A intranquilidade á que os sometemos créalles un grave desgaste psicolóxico.

A raíz disto, o inimigo, consciente da importancia de reforzar o seu sistema defensivo, ergueu un terceiro muro, esta vez de pedra. Agora xa tiñamos arames, minas, dous muros de area, un de pedra e radares. Ademais, dispuxeron a colocación das minas de forma circular, para dificultar que as desactivasemos. Outra cuestión que lles preocupaba era o frecuente paso dos nosos blindados. Tiveron que buscar algo que parase os tanques saharauís: así comezaron as escavacións para facer as gabias antitanques, que son foxos de dous metros de ancho e cincuenta centímetros de profundidade. Evidentemente, o sistema defensivo marroquí sempre avanzou en función dos nosos ataques. Entón foi cando chegou o Plan de Paz, en 1991.»

8

«Combato no Exército de Liberación Popular Saharauí desde que tiña quince anos. Nacín en 1967, en Hausa, poboación hoxe ocupada polos marroquís. A penas lembro nada daquilo, pero alí están aínda os meus irmáns, aos que nunca volvín ver, e os meus sobriños, aos que non coñezo. Desde que comezou o proceso de identificación, recibo cartas deles a través dos Cascos Azuis, algunhas fotos e, de cando en vez, cintas que me permiten escoitar a súa voz. O meu nome é Lijlifa Labiad. Estou solteiro pero quero casar. Apetéceme. Na guerra morréronme catro familiares e moitos amigos, pero as armas

son a única vía para a liberación do noso país. A través da política, con Marrocos non é posible conseguir nada. É unha vía esgotada. Eu son partidario de volver á guerra. Pertenzo ás novas xeracións de combatentes, que somos moito máis decididos e non sentimos lástima polo inimigos. Os marroquís témennos. Téñennos medo. Eu, sen embargo, non teño medo. Lembro a primeira operación na que participei porque estaba desorientado. Pero nunca pasei medo. Pertenzo ao Comando Especial. Somos xente de ataque rápido, moi preparada, afeitos a manexar todo tipo de armamento. Somos xente de ofensiva. Eu nunca fun ferido. Cando ataco levo un fusil de asalto. Os ataques facémolos en grupos pequenos para evitar baixas. Así e todo, sempre se producen catro ou cinco. Habitualmente dirixo o lanzamento de foguetes desde os blindados. Aínda que non o pareza, é moito máis arriscado desactivar minas que participar nunha operación de ataque. Eu teño desactivado algunhas minas. Antes de cada operación sempre se desactivan as que estean no camiño. Enviamos grupos de dúas ou tres persoas con esa misión. Ás veces volven colocalas en territorio inimigo, para que lles estoupen a eles. Tamén participei na

primeira operación que se fixo no muro, na zona de Izmulnizaran. En total formei parte de catorce operacións de ataque. Todas no muro. O obxectivo desas operacións é destruír a base marroquí, que ronda os cen soldados con armamento lixeiro: fusís, metralletas, submetralletas... Sempre facemos unha exploración do terreo, dividímonos en grupos e atacamos tamén as sub-bases, que teñen de 25 a 50 homes. Adoitamos abrir tres ou catro fendas no muro e, cando comeza o fogo, cada quen ten asignada a súa misión. Algúns dos que traspasan o muro van neutralizar a artillería. Tamén penetra a antiaérea saharauí para protexernos. Nas ofensivas prodúcense moitas fuxidas dos soldados marroquís, pero perseguímolos durante bastantes quilómetros por detrás do muro. O máis perigoso para nós é cando os marroquís bombardean coa aviación. Se estamos lonxe dos muros, especialmente se estamos concentrados, dispersámonos inmediatamente, apoiados pola antiaérea. Sempre temos un grupo de antiaéreos dentro dos muros e outro fóra. O problema é que os avións collen moita altura e a penas se ven. Así e todo, temos botado algúns abaixo. Unha vez un piloto marroquí díxolle á muller que lle preparase un té, que ía atacar os saharauís e volvía axiña. Desde entón está aquí prisioneiro. Cóntao el mesmo. De todas as formas, a nosa é unha guerra de desgaste. Ás veces imos unicamente a desactivar unhas cantas minas e atacar un pouquiño. Só un pouquiño. Para poñelos nerviosos.»

9

Ti es Hassan. Un dos 21 estudiantes do Instituto Español de Tánxer que o 10 de setembro de 1995 lograstes fuxir a Ceuta. Hassan Mouloud Ahmed Baba. Solicitastes asilo político en España, e España, ese estado que tanto vos debe e tan pouco vos deu, quería devolvervos ás autoridades marroquís. A túa vida non foi doada. Véseche nos ollos. Pero tes vontade. A vontade do teu pobo. E esa paciencia infinita dos nómades que semella non rematar nunca. E esperanza. Moita esperan-

za. Cando vos unistes ao Polisario, logo de fuxirdes de Marrocos, déronvos a escoller entre seguir os vosos estudios, desempeñar algún posto de traballo nos campamentos de refuxiados ou incorporarvos ao exército. Ti fuches ao exército. Querías loitar coas armas na man. E alí permaneciches, ata que chegou o Plan de Paz. Cando te incorporaches xa os muros estaban construídos. ¿Lembras? Os muros. Aquilo parecíache ciencia-ficción. A primeira vez que os viches foi coma se estiveses a vivir unha película americana. Ten gracia. Un exército como o marroquí, de formación clásica, con oficiais preparados na ortodoxia dos adestramentos americanos, franceses, británicos, con toda a experiencia do mundo á súa disposición... e víronse obrigados a erguer 2.500 quilómetros de muros para poder pararvos os pés. Con axuda, claro. Daquela, tendéronlles a man os americanos, os franceses, os israelís, os saudís... Nunca lles faltaron aliados, non. O voso aliado máis fiel, en cambio, foi a xustiza. E a paz, aínda que pareza unha contradicción. Por iso nin sequera os muros puideron convosco. ¡Quen lles ía dicir a eles que iades traspasalos con tanta facilidade! Ti es boa testemuña diso. Atravesaches o muro unhas cantas veces, ¿non é? E, sábelo ben, cando se inventa a lei, in-

véntase a trampa, que di o refrán. Pois é ben aplicable. Claro que Hassan II sempre se esforzou en negar que os saharauís atravesasedes os muros, faltaría máis, ou que collesedes prisioneiros. ¿Prisioneiros? Imposible. O exército marroquí nunca se deixa atrapar, dicía el, fachendoso. Menos mal que todos e cada un dos xornalistas que atravesaron os muros canda vós, arriscando as súas vidas canda vós, puideron contarllo ao mundo. Estaban atónitos, ¿lembras? Non comprendían como un exército tan modesto como o voso podía facerlle fronte a outro tan sofisticado como o marroquí. Houbo mesmo militares doutros países que, asombrados, quixeron velo cos seus propios ollos. Non comprendían que as armas máis poderosas estaban do voso lado: a paz, o desexo, a entrega, o sangue que nunca vos importou derramar para liberar o Sáhara. Moita xente dicía, «isto non é unha guerra, isto é un suicidio». ¿Lembras? Efectivamente, sempre foi un suicidio. O suicidio de quen non ten nada que perder porque xa o perdeu todo: as vosas familias, as vosas casas, o voso país. Non había elección. Xenocidio ou suicidio. E vós escollestes o suicidio. Ese suicidio de futuro, revitalizador, que xermola.

Aínda que se falamos de suicidio, o deles. Ese si que é un verdadeiro suicidio. ¿Acaso non se suicida un exército que se parapeta tras uns muros? ¿Acaso non é un suicidio permanecer sempre á espera de ser atacados? Ti ou o teu compañeiro ou calquera combatente do voso exército podedes bombardealos en calquera momento. E eles, alí, detrás dos muros, esperando.... Ese si que é un verdadeiro suicidio. Podiades atacalos a diario. Obrigalos a malgastar as súas armas, a afundirse psicoloxicamente. A iniciativa sempre era vosa. Ás veces víanvos pasar, a catrocentos ou cincocentos metros deles, cos vosos vehículos, e podían fustrigarvos coa artillería, pero nada máis, porque o voso é un exército móbil, que aparece e desaparece, coma un alacrán, ataca, pica e volatilízase. Un exército fugaz. Eficazmente fugaz. Nunca sabían onde iades atacar. Ás veces faciades manobras de distracción nunha parte do muro, esperabades a que recibisen reforzos, e atacabades noutra. Sen armamento, case. Porque, ademais, a procedencia do voso ar-

mamento é, sobre todo, soviética. Pero a Unión Soviética nunca quixo vendérvolo. Sempre vos considerou demasiado pro-occidentais. Sorrís, claro que sorrís. Son ironías da vida. E occidente axudaba a Marrocos. Conseguiades armamento a través de Alxeria. Todo gracias a Alxeria. Tamén utilizabades algún material occidental e, sobre todo, o capturado ao exército marroquí. ¿Lembras cando o goberno racista de Sudáfrica axudou a Marrocos con tanques? Nunha operación apresastes uns cantos deses tanques e a Fronte Polisario ofrecéullos á SWAPO como axuda para combater o réxime de Sudáfrica. A Sudáfrica de Nelson Mandela, que agora vos recoñece como país. España non.

A guerra é dura, ¿non si? Ti recibiches instrucción nas escolas militares que tedes na fronte: adestramento nas armas, prácticas de combate, preparación para desempeñar responsabilidades de xefe de pelotón, de compañía... Como sodes poucos non tedes unha única especialidade; estades obrigados a saber facer de todo. Tes que ser conductor, operador... E cando unha arma precisa tres persoas para manexala, ti debes coñecer a función de cada un deles, por se matan a algún dos teus compañeiros. A morte. Nunca te afarás a ela, ¿non si? Pero a vida continúa, a pesar dos teus compañeiros mortos. Se volvese a guerra volverías combater. A pesar da morte. A pesar de todo. É o que che di o teu corazón.

10

Ahmed Bubut está casado e ten dous fillos. Naceu en 1957 e é combatente desde que chegou a Tinduf en 1975. Leva unha fonda cicatriz no costado, producto dunha grave caída en combate. Tamén foi ferido con carácter leve noutras dúas ocasións. Houbo de aprender a manexarse con rapidez na guerra de guerrillas. Recoñece que cando os marroquís construíron os muros houbo unha parte do exército que se desmoralizou, sobre todo debido á propaganda exterior sobre a súa efectividade. Sen embargo, a moral renaceu en canto atoparon

os puntos fracos e a nova táctica comezou a surtir efecto.

—Os marroquís nunca souberon orientarse no deserto. Atrincheirados séntense máis seguros –dime Ahmed.

A capacidade de orientación é fundamental para o éxito no Sáhara. Orientación e auga son dúas cuestións chave. As tormentas de siroco cobren a auga que aflora nos pozos e só os nativos son quen de localizala.



—Por iso levan guías de turbante negro, que son xentes do deserto ou de zonas próximas ao deserto. Os oficiais non saben guiarse máis que polos mapas.

11

A cadea Mohamed Lassied non ten celas. Está rodeada de muros altos e conformada por pequenos iglús de arxila, pintados de branco, que constitúen as vivendas onde residen os presos, catro ou cinco por unidade. A maioría teñen estructura circular, aínda que tamén as hai cadradas, e arremuíñanse unhas contra outras formando un verdadeiro poboado. A rentes do chan teñen ventás diminutas que lles permiten a ventilación e impiden a entrada da calor. Sentados ás portas, apoiados contra as paredes ou paseando polo aberto central pululan catrocentos cincuenta presos marroquís, capturados en distintos combates. Algúns acomódanse nunha cadeira ao sol de abril; outros latrican entre eles coma se o tempo fose sempre eterno, e algúns outros buscan entretemento facendo algunha manualidade. Respírase un ambiente distendido e, vendo as escasas medidas de seguridade, non parece demasiado difícil fuxir de alí. Coméntollo a Abidín.



—E aínda que fuxan, ¿onde van ir? Estamos no medio do deserto –respóndeme.

En maio de 1989, a Fronte Polisario decidiu liberar douscentos prisioneiros de guerra do exército marroquí en sinal de boa vontade e coa finalidade de apoiar o Plan de Paz. Xa daquela moitos levaban máis de doce anos en cativerio. Hassan II negouse, sen embargo, a recibir os prisioneiros liberados, que previamente lle foran entregados á Cruz Vermella Internacional, porque iso supoñía recoñecer que o Polisario tiña prisioneiros marroquís, algo que el sempre negou. Marrocos converteuse así no primeiro país do que se teña constancia na historia que rexeita os seus propios prisioneiros. Unicamente en 1996 puideron eses presos retornar ao seu propio país, gracias á teimosía e á forte presión da Cruz Vermella Internacional, se ben algúns deles xa faleceran.

Os prisioneiros de guerra da cadea Mohamed Lassied teñen o mesmo réxime alimenticio que os refuxiados saharauís: practicamente toda a súa comida, como a roupa, procede da axuda humanitaria. No que se refire á súa vida cotiá, teñen un horario de traballo de 7 a 12 da mañá e de 4 a 7 da tarde que lles axuda a romper a monotonía e manterse activos. Case todos traballan na construcción. A súa man de obra ergueu algúns dos hospitais saharauís.

A maior parte dos presos achégansenos e entrégannos cartas para que as enviemos a Marrocos en canto cheguemos a Galicia. É o seu único xeito de se poñer en contacto coas súas familias. En pouco máis de cinco minutos temos unha asombrosa cantidade de cartas baixo os brazos. Moitos prisioneiros solicítanlle a Manolo G. Vicente que os fotografe. Entrégannos os sobres das súas cartas abertos, coa esperanza de que cando os carretes estean revelados introduzamos dentro os seus retratos para que as súas familias poidan verlles o aspecto. Coma nun conto marabilloso de García Marquez, nun tris fórmase unha improvisada fila de prisioneiros que aspiran a ser fotografados. Os remitentes dos sobres falan da súa procedencia. De Hlihel, destino Larach; de El Ghadouani, destino Casablanca; de El Mohrir, destino Rabat; de Fachtali, destino Ouez-



zane; de Abdellatif, destino Tanxer; de Hacha M'hamed, destino Francia; de Salhi, destino Marraquech; de Benmansour, destino Meknes... a lista é interminable. Algúns dos presos entrégannos unicamente un sobre baleiro, co enderezo escrito, para que metamos dentro a fotografía unha vez revelada.

Benmansour Azeddine é o médico da cadea. Era médico militar e foi capturado nunha operación de ataque en 1979. É de Fez, a cidade da medina branca, e aínda leva gravados na memoria os arrecendos das súas especias. De cute moi morena, a súa ancha fronte resalta pola ausencia de cabelo. Convídanos a pasar ao seu dispensario mentres nos relata que atende arredor de vinte prisioneiros diarios. Os problemas máis graves dos seus pacientes son a tuberculose e os problemas psíquicos. Coma os demais, mantén contactos coa súa familia a través das cartas que lle proporciona a Media Lúa Vermella. El tamén aproveita para entregarnos unha carta que debemos enviar ao chegar a Galicia. Pregúntolle qué pensaba acerca dos saharauís antes de caer prisioneiro.

—Eu a penas sabía nada sobre eles –dime–. Agora sei quen son. Son boa xente. E debo dicir que o trato que nos dispensan é moi humano.

Pregúntolle qué opina da posición marroquí na guerra do Sáhara. El desvía a pregunta. Insisto e Abidín dime que o problema é que non quere comprometerse respondendo porque despois de todo é marroquí e espera volver ao seu país.

—Agora teño esperanzas, co Plan de Paz –sorrí.

Abidín dille que o Plan de Paz vai fracasar e que non vai haber referendo. O prisioneiro insiste en que si o haberá. Abidín teima en que non. Dígolle a Abidín que non lle mine as esperanzas. Abidín dime que esa é a realidade, que por aí non hai esperanzas e que a única esperanza é a guerra.

Saímos do dispensario e dou unha volta pola cadea. Falo con varios presos. Co permiso dos moradores, entro nunha das vivendas. Un dos prisioneiros é un tenente do exército marroquí. O seu nome é Hamimid Allal. Caeu prisioneiro en 1977, durante o acordo de defensa conxunto entre Marrocos e Mauritania. Daquela xa levaba dezaoito anos nas Forzas Armadas Reais. Entón tiña outra visión dos saharauís. Como Benmansour, di que o seu punto de vista sobre eles cambiou totalmente e asegura que as relacións cos saharauís son boas. Así e

todo, advirte que nunca conviviu con ningunha familia dos campamentos. Estivo, iso si, nalgunhas festas, aniversarios ou acontecementos especiais. Cada mes e medio ou cada dous meses, recibe carta da súa familia. Ten moita confianza no Plan de Paz.

—Todos a temos –dime mentres lle dirixo unha mirada fugaz a Abidín.

Logo engade:

—Se deus quere volverei a Marrocos.

Hamimid é alto, delgado, de pelo curto e mostra o cumprido bigote. Antes de se despedir pregúntame se podería facerlle un favor. Dígolle que si e pídeme que cando volva á miña terra lle envíe un traxe do Real Madrid a un sobriño de seu.

TERRITORIO OCUPADO

ALÉN DOS MUROS



1

«Os primeiros momentos da invasión foron durísimos nas zonas ocupadas. Coa desculpa de que podía haber polisarios infiltrados no sur de Marrocos dispostos a cometer atentados terroristas, impuxeron o toque de queda desde as oito da tarde. Era unha época na que o réxime de Hassan II cambaleaba –houbera varios intentos de golpe de estado en contra do monarca– e para el era importante manter a tensión e mais a represión que lle permitía controlar o seu propio pobo baixo o pretexto de combater o Polisario. Cos saharauís atopou a xustificación perfecta para o seu proceder dictatorial.

Nunca pensamos que unha ocupación puidese chegar a tanto. Nin sequera o colonialismo francés, inglés ou español alcanzaron tal extremo, con tanta tortura e tanta detención. E iso que a ocupación española durou un século. Por momentos chegou a haber tal presión policial no Sáhara que incluso membros dunha mesma familia desconfiaban da posibilidade de estar espiándose entre si. Ademais, a ocupación forzada con colonos é tremenda. Hai máis de sete colonos marroquís por cada saharauí. Alí están os militares, os paramilitares, a policía e os civís. E logo queda a psicose do medo: collen a alguén durante 48 horas, aplícanlle unha tortura intensísima e despois sóltano. Saben ben que esa persoa non volverá falar na súa vida e, ademais, estenden o pánico, a psicose xeneralizada do medo. Se os saharauís tivesen oportunidade de fuxir, non quedaría un só nas zonas ocupadas». [Daud El Khadir]

2

«É preferible que os marroquís te maten a que te torturen» asegura Aziz Ahmed Mahmund, nacido en 1967. El é un fuxido. Logrou evadirse dos territorios ocupados en 1993, atravesando a fronteira alxeriana. Os saharauís teñen expresamente prohibido achegarse ás zonas fronteirizas con Alxeria. Aziz pisou os territorios prohibidos para poder fuxir.

—Foi un suicidio –asegura–. Se te collen pode ser que te maten, que desaparezas ou que te leven á cadea.

A súa pel branca posibilitoulle esquivar os controis policiais sen que lle pedisen a documentación. Aziz, que deixou toda a súa familia nas zonas ocupadas, é hoxe xuíz na *wilaya* de Smara, nos campamentos de refuxiados. Sabe que as forzas da orde de Hassan II toman represalias contra a familia dos fuxidos.

—Nos territorios ocupados o máis terrible é a violencia silenciosa, esa que consiste en facer desaparecer unha persoa.

Aziz fala da represión contra os seus. Os saharauís están obrigados a votar nas eleccións marroquís e deben levar sempre consigo o certificado de voto para demostraren a súa lealdade ao réxime alauíta cando llelo solicitan.



—Sempre dan o resultado das eleccións antes de que remate o reconto. Nesa trampa tamén van querer meternos co referendo do Sáhara.

El asegura que o clima de medo que vive a poboación non se reduce unicamente ao Sáhara ocupado. Mesmo no propio Marrocos a poboación séntese cohibida.

—Os marroquís nunca opinan acerca de nada. Viven atemorizados, baixo unha continua presión silenciosa.

Nas zonas ocupadas, a situación é moito máis tensa:

—Non te podes fiar de ninguén. Todos os comerciantes que están a traballar alí son informadores da policía. Están distribuídos por todo o Sáhara.

Sentado sobre a alfombra, coas pernas cruzadas, Aziz relata a penas o xusto, sen demasiada prosa que envolva as súas palabras firmes. Para el, a represión marroquí responde ás hipocrisías dun país que se autoproclama democrático pero no que reivindicar os seus dereitos pode custarlle a vida a quen o faga.

—Dentro da política do goberno, as zonas ocupadas son a esponxa que absorbe a maior parte dos desempregados marroquís. A prostitución, a drogadicción e mais o alcolismo interésanlle ao goberno para neutralizar politicamente a xuventude saharauí.

Segundo Aziz, unha das políticas máis descaradas para reafirmar a ocupación consiste en enviar grandes contixentes de parados ao Sáhara que se dedican a fabricar alcol caseiro. E, amais de sufrir a represión política, a poboación autóctona vive nunha situación laboral marxinal. Os comerciantes saharauís son sistematicamente ignorados polos marroquís que, malia viviren alí como colonos, nunca invisten os seus cartos no Sáhara, conscientes de que algún día van marchar de alí.

—Entre os colonos marroquís coexisten tres tipos de opinións con respecto ao Sáhara: os que son conscientes da colonización; os que saben que se trata dunha ocupación e pensan que cómpre aproveitarse dela o máximo posible; e os que, seguindo ao rei e aos nacionalistas marroquís, cren que Marrocos vai desde o Mediterráneo ata o Senegal e que polo tanto o Sáhara tamén lles corresponde.

3

Abdeslam Omar Lahcen. Vicepresidente de AFAPREDESA (Asociación de Familiares de Presos e Desaparecidos Saharauís). Reside nos campamentos de refuxiados desde 1989, ano en que logrou fuxir das zonas ocupadas. Ten ollos pequenos e inquedos, e traga un té con rapidez. Acompáñao Mohamed Ahmed Labied, un membro da asociación. AFAPREDESA foi creada hai nove anos co fin de proporcionarlles cobertura social aos presos e desaparecidos saharauís e denunciar a súa situación ante a opinión pública. Tanto Abdeslam como Mohamed son "desaparecidos" que lograron fuxir das zonas ocupadas tras a súa posta en liberdade. Desde o inicio do Plan de Paz, en 1991, hai máis postos de vixilancia e as fuxidas son menos frecuentes. A política do Polisario con respecto ás fuxidas vai encamiñada a axudar a escapar das zonas ocupadas só ás persoas que están gravemente ameazadas, pois unha saída masiva de poboación equivalería a quedar sen resistencia interior.

Abdeslam coñece ben cómo funcionan os mecanismos represores, pois viviuno nas súas propias carnes. «Todos os saharauís detidos son sometidos a tortura –di–, aínda que permanezan só unhas horas en centros de detención. Calquera persoa que caia en mans das forzas de seguridade é consciente de que lle van aplicar unha tortura continuada, non ata que fale senón ata que sexa liberada. Durante unha época, no cárcere clandestino de Kalaat M'Guna, os presos estaban divididos en grupos. Había 60 en cada pavillón e todos saían diariamente en grupos de dez para seren torturados coma se fose un feito normal.»

Os servicios e órganos do estado que levan a cabo a maior parte das violacións dos dereitos humanos no Sáhara Occidental son a D.S.T (Dirección de Seguridade do Territorio), a Policía Xudicial, a Xendarmería Real, o Exército Marroquí e mais as C.M.I (Compañías Móbiles de Intervención).

4

A Asociación de Familiares de Presos e Desparecidos Saharauís leva a cabo un continuo labor de denuncia da represión, da tortura, da intimidación e das detencións arbitrarias; de busca de información sobre desaparecidos, secuestrados e torturados; de orientación e axuda ás familias afectadas; de denuncia ante os organismos humanitarios, ONGs, ONU e OUA. As súas reivindicacións atoparon eco no Comité Internacional da Cruz Vermella, en Amnistía Internacional, na asociación norteamericana Human Rights Watch e en numerosas Organizacións Non Gobernamentais. En 1993, a Conferencia de Roma creou o *Bureau des Droits de l'Homme de la Coordination européenne du soutien au Peuple Saharaoui*, con sede en Xenebra.

Desde o inicio da ocupación marroquí as detencións indiscriminadas e mais as desaparicións de saharauís pasaron a ser moeda común do xeito de actuar do réxime alauíta. De entre os desaparecidos, consta o falecemento de 43 persoas nas cadeas de Agdz e Kalaat M'Guna e sete máis no centro das CMI do Aaiún. Sen embargo, a alarma non saltou aos

ollos da opinión pública internacional ata que en 1991, logo de diversas presións de organismos para a defensa dos dereitos humanos, Hassan II liberou trescentos dez "desaparecidos" que permanecían encarcerados en Agdz, Skoura, Kalaat M'Guna e o CMI do Aaiún. Destes 310 saharauís, aos que non lles está permitida a saída do país, seis conseguiron fuxir clandestinamente de Marrocos. Entre eles estaba Daud El Khadir. Os demais permanecen en territorio ocupado, sen axuda médica nin psicolóxica e baixo medidas restrictivas. *El Karama*, o boletín informativo de AFAPREDESA, proporciona constantemente novas acerca desas medidas ás que se ven sometidos.

Por outra banda, os procesos xudiciais inxustos e sen ningún tipo de garantías sucédense tamén desde o principio da ocupación e convértense en moeda corrente. Un dos primeiros casos máis sonados foi o denominado «Grupo dos 26», arrestados en 1977 e agachados durante unha prolongada estancia no centro de detención secreta Moulay Ali Cherif, en Casablanca, que non foron presentados ante os tribunais ata 1980. *El Karama*, entre outros moitos, denuncia tamén o caso de Mohamed Dadach, detido en 1976 e condenado a morte en 1980 por intentar fuxir aos campamentos de refuxiados, pena que lle foi conmutada por cadea perpetua en 1994 logo de realizar tres folgas de fame.

En 1992, na localidade marroquí de Assa, preto da fronteira do Sáhara Occidental, resultaron mortos dezaseis saharauís e feridos douscentos como consecuencia da brutal represión que se exerceu contra eles cando se manifestaban portando unha bandeira da RADS para protestar polas súas condicións de vida. Ata hoxe, as protestas dos saharauís non cesaron nunca, pero os responsables do Plan de Paz non foron quen de lle poñer fin á represión alauíta. En 1996, por exemplo, 1600 xoves saharauís acudiron a Rabat a manifestárense e logo de seren detidos e trasladados ao Aaiún, foron interrogados e torturados.

Os abusos das forzas represoras de Hassan II continúan mesmo logo dos acordos de Houston de setembro de 1997. Por poñer un caso, o 13 de marzo de 1998 centos de cidadáns saharauís manifestáronse na localidade marroquí de Lemseid

para reivindicar a autodeterminación do Sáhara, e varios saharauís resultaron feridos e tiveron que ser trasladados ao hospital de Tantan. Moitos manifestantes foron arrestados e máis de vinte persoas continúan "desparecidas", dúas delas de idade avanzada (Maalainne Souelim Boujemaa, de 60 anos e Baba M'Barek El Arbi, de 70), aínda que se sospeita que están retidos na cadea de Inzigan, segundo informacións das páxinas da Interrede de ARSO (*Association de soutien a un Referendum libre et régulier au Sahara Occidental*).

O escritor francés Gilles Perrault, de inclinación pro-marroquí pero contraria a Hassan II, no seu libro *O noso amigo el-Rei*, ofrece testemuños aterradores acerca do sufrimento dos saharauís e dos propios presos políticos de Marrocos en practicamente todas as cadeas do país.

5

Atopeime con Daud en dúas ocasións. A primeira foi a principios de 1995, en Vigo. A segunda, por casualidade, tempo despois, en Rabuni. Eu regresara de madrugada dos campamentos de Smara e cando cheguei ao Centro de Acollida metinme ás escuras na primeira tenda que atopei libre para durmir. Ó espertar á mañá seguinte, oínlle falar francés a un grupo de persoas que durmira ao meu lado. Entre eles estaba



Daud. Chegara a noite anterior de Mauritania, de onde viña acompañando a unha delegación francesa. Daud El Khadir vive en París, onde é responsable para Europa de AFAPREDESA. Tamén colabora coas Nacións Unidas na súa Comisión de Dereitos Humanos en Xenebra.

Daud é unha desas persoas que irradia simpatía e humanidade. Se cadra é un xeito de neutralizar a súa horrorosa e desoladora experiencia vital. Ese home, de aspecto tranquilo e apracible, pasou 15 interminables anos da súa vida "desaparecido" en varias cadeas clandestinas marroquís, entre elas a terrible Kalaat M'guna, no Atlas, denunciada por Amnistía Internacional. Daud foi detido en 1976, cando contaba con 20 anos, e liberado en 1991, con 36. Ese mesmo ano logrou fuxir ás zonas liberadas e alcanzar os campamentos de refuxiados coa axuda da Fronte Polisario. Durante a súa interminable estadía en diversas cadeas de existencia non recoñecida polo réxime de Hassan II, el e outros moitos saharauís foron humillados a diario e torturados física e psicoloxicamente.

6

Inmediatamente despois da Marcha Verde producíronse no Sáhara detencións de familias enteiras. Segundo un xornalista español, citado por Fernando Guijarro (autor de *La distancia de cuatro dedos*), os ocupantes converteron o territorio nun «campo de concentración». Durante o ano 76 foi detido Daud El Khadir: «Arrestáronme, xunto con outros moitos saharauís, dentro dunha desas grandes campañas de detención organizadas polo réxime de ocupación marroquí. O meu único pecado era ser simpatizante da Fronte Polisario, pois non realizara ningún tipo de acción nin delicto do que se me puidese acusar». O seu pai, detido antes ca el, pertencía a outra xeración e nin sequera coñecía o significado da palabra Polisario. Caera nas mans da policía e dos servicios secretos marroquís, que se propuxeran, baixo as ordes de Hassan II, acabar con calquera saharauí sospeitoso de simpatizar co nacionalismo.

Daud, aos seus vinte anos, descubriu cómo a alegría natural da xuventude se esfarelaba contra as poutas dun inferno en que todo era posible. Logo de ser detido, os servicios secretos marroquís conducírono a un Centro de Interrogatorio en Casablanca, onde pasou catro meses e dezaseis días esposado e cos ollos vendados. Alí sometérono a todo tipo de torturas: «o *avión*, o *polo asado*, e outras tantas xa coñecidas; deixábanme días e noites enteiras sen durmir, obrigábanme a inxerir esponxas cheas de lixivia, etc. Eles querían obter toda a información posible sobre o Polisario, pero tamén lles interesaba crear un clima de terror». Logo pasou por catro cadeas secretas, que dependen da autoridade militar. Entre elas, a tristemente famosa Kalaat M'guna, onde había máis de 300 prisioneiros. Sempre era trasladado durante a noite, esposado e cos ollos vendados. Daud estivo en Darb Moulay Cherif, en Casablanca; en Agdas, a 75 km ao leste de Ourzazate; en Sikura, a 40 km ao norte de Ourzazate; e na xa nomeada Kalaat M'Guna, a 95 km ao norte de Ourzazate. Os centros secretos son o noso pan de cada día na política represiva do estado marroquí. «Mesmo en Agadir e Meknes hai casas que por fóra teñen aspecto normal, pero pertencen aos Servicios Secretos e son centros de interrogatorio. Nalgúns deles hai militares marroquís; nun deles estivo retida a familia de Ufkir, o xeneral que deu aquel fracasado golpe de estado.»



A pesar das denuncias de organismos como Amnistía Internacional, o emprazamento das cadeas clandestinas non se coñece con exactitude. Segundo Daud, desde comezos da ocupación, o réxime marroquí mantivo constantemente arredor de mil presos saharauís internados nelas. Con todo, Hassan II sempre negou a súa existencia, como tamén o fixo sempre cos seus prisioneiros de guerra en poder da Fronte Polisario. En certa ocasión «preguntáronlle polo tema no hotel dunha vila do Atlas que estaba só a cincocentos metros da nosa prisión, Kalaat M'guna, e negou a súa existencia». Os saharauís case nunca pasan polos xulgados. «Que eu saiba», di Daud, «só 31 foron xulgados, e só 55 chegaron aos tribunais. Con todo, mesmo os presos que pasan polos tribunais inicialmente son levados a cárceres oficiais, pero logo desaparecen e tampouco poden recibir visitas. Cando se xulga a algún saharauí é para realizar un lavado de cara.»

7

Durante todos e cada un dos anos do seu cativerio, Daud foi víctima de distintos tipos de tortura. «Nos centros de interrogatorio a tortura era metódica, ben estudiada, ese tipo de tortura que non deixa cicatrices no corpo. Axiña aprendemos os seus nomes, por exemplo, o *avión*, moi habitual, que consiste en que che aten as mans e os pés. Logo amárrante pendendo dunha barra no teito e póñenche un peso forte enriba da columna vertebral. Outro tipo de tortura consistía en baterche cun pao de ferro nas plantas dos pés. Tamén é habitual que che pasen unha barra por debaixo dos xeonllos e che aten as mans por baixo dos pés; chámase o *polo asado.*» Outras veces, os prisioneiros eran obrigados a tombárense enriba dunha mesa, totalmente espidos e co pé contraído, e aplicábanlles descargas eléctricas por todo o corpo. A tortura non ten límite: «Nunca paran, por moito que fales, por moito que confeses calquera mentira que desexen escoitar, ou aínda que confeses a verdade, eles non teñen límite, nunca lle poñen fin.»



Na cadea, sen embargo, Daud non viviu a tortura física de xeito sistemático: «producíase cando lles apetecía aos gardas, cando falabamos en alto ou cando te atrevías a pedir ou preguntar algo»; ora ben, tivo que soportar a cotío a tortura psicolóxica: «Sobre todo eramos víctimas de insultos e ameazas, pero tamén adoitaban maltratar fisicamente diante nosa as mulleres saharauís que estaban encarceradas connosco. Había máis de 60, entre elas a miña tía e a nai do actual Ministro de Asuntos Exteriores da RASD, que morreu alí». En Kaalat M´guna había daquela arredor de 350 presos dos que 10 eran marroquís, un era libanés, outro libio e os restantes eran saharauís.

A vida dos prisioneiros transcorría en celas habitadas por grupos de entre 6 e 20 persoas. A Daud tocoulle unha cela de tres por catro metros que albergaba a dez persoas. O único obxecto que posuían era unha manta e un vaso de cinc cada un. Dábanlles unha manta cada ano e tiñan que transcorrer cinco para que conseguisen reunir un número abondo como para facer un pequeno colchón para durmir. «E como nin sequera tiñamos roupa, esas mantas servíannos tamén para taparnos.» En cada cela había dúas palanganas de auga e dous cubos «para facermos as nosas necesidades fisiolóxicas á vista de todo o mundo; e non se baleiraban ata á mañá seguinte, cando o gardián abría a porta cubrindo a cara cun pano».

Os prisioneiros, moi debilitados, eran víctimas dunha nefasta alimentación que os deixaba sen forzas: «Un único garda podía con 60 presos, empuxándoos». A fame, a tortura e mais as enfermidades cebábanse neles, «sen visitas, sen noticias ningunhas do exterior». Daud soubo en 1981 do golpe de estado de 1978 en Mauritania e só en 1985 coñeceu a nova de que Françoise Mitterrand era presidente de Francia desde 1981.

En 15 anos non probou outra cousa que non fosen legumes e fariñas. «Á mañá dábannos un vaso de té frío e ao medio día un prato de sémola pasada por auga. Para cear, dábannos uns fideos tamén pasados por auga. Durante catro meses a alimentación consistía todos os días no mesmo. Cando estabas tan debilitado que xa non te podías erguer, dábannos lentellas e feixóns verdes durante unha tempada e dátiles

durante unha semana.» En canto os presos comezaban a mostrar síntomas de recuperación, eliminábanlles esa comida e retomaban a vella dieta, a base de sémola. Ese proceso cíclico endiañado durou, para Daud, quince longos anos. Cando enfermaban, os saharauís non recibían nin sequera unha aspirina. En canto había unha gripe, todos a collían. «E nunca vimos un bolígrafo e moito menos un libro. A única información fresca chegaba cando entraban novos presos.» Daud, que nunca soubo ónde estaba preso, compartiu cela co seu irmán. Un día, cando saíu ao patio resultou que xuntaran os presos de varias celas. Alí atopou a seu pai, que tamén fora trasladado a Kaalat M'guna. El nin sequera sabía que fora detido.

Por veces, algúns presos teñen intentado folgas de fame que de nada lles valeron, porque nada trascende fóra das paredes da cadea. Os gardas quítanlles as mantas, como castigo, e déixanos morrer. Segundo Daud, «era un auténtico suicidio».

Cando un preso estaba moribundo, os gardas nunca o atendían. «Os carcereiros só nos permitían que chamasemos por eles cando se producía unha morte. Daquela, comprobaban a morte, deixaban o cadáver na cela 24 ou 48 horas para asegurarse e logo dábannos un cubo de auga para que o lavasemos, porque é un precepto relixioso. A continuación enterrábano a cen metros da cadea, botándolle cal vivo sobre o corpo para que non cheirase e para que a súa descomposición fose o máis rápida posible.» Ningún médico certifica esas mortes e ninguén llo comunica á familia nin lles outorgan, nunca, un certificado de defunción. «Durante o tempo que eu estiven en Kaalat M'guna houbo 43 falecementos. As súas familias non puideron nunca herdar e os seus cónxuxes non puideron nunca volver a casar.»

8

A liberación en 1991 dos prisioneiros saharauís de Kaalat M'guna produciuse gracias a varios factores externos. En primeiro lugar, Amnistía Internacional logrou fotografar o cárce-

re desde lonxe no ano 89 e demostrar publicamente a súa existencia. En segundo lugar, púxose en marcha o Plan de Paz da ONU, que incluía a liberación de todos os presos políticos previa ao cesamento do fogo. E en terceiro lugar, a Fronte Polisario fixo prisioneiro de guerra a un dos gardas de Kaalat M'guna e deuno a coñecer á prensa internacional, para a que fixo declaracións reveladoras.

Era o ano 91, conta Daud, cando «un día, de súpeto, notamos cambios. Comezaron a limpar a cadea e a tratarnos mellor... ata que nos trouxeron un televisor cun vídeo. Puxéronnos unha cinta que contiña imaxes de Hassan II visitando as cidades saharauís e outra cinta na que aparecía o monarca anunciando que nos amnistiaba». A continuación, quixeron obrigar os presos a asinar un documento recoñecendo a soberanía marroquí do Sáhara, «pero negámonos: logo de 15 anos nesas condicións xa non tiñamos nada que perder». En canto os liberaron, foron trasladados a un hotel de cinco estrelas do Atlas. Alí permaneceron pechados durante un mes, sen poder entrar en contacto con ninguén, aínda que «nos deixaban comer todo o que quixeramos e os médicos nos visitaban catro ou cinco veces ao día». Logo déronlles roupa e ao cabo dun mes liberáronos cun aspecto francamente mellorado. Así e todo, «cando cheguei á casa a miña nai estivo unha hora sen me recoñecer, queréndose asegurar de que realmente era eu. Ela xa chorara a miña morte. Pero a nosa "liberdade" permitiunos comprobar que estabamos nun cárcere moito máis grande, pois niso converteran os territorios ocupados». Coa súa liberación puxéranlles unha serie de condicións. A familia debía certificar que non ían fuxir, tiñan que pasar pola comisaría cada 48 horas e renunciaban ao dereito á asistencia médica, traballo ou calquera tipo de indemnización. Quedáballes prohibido acceder ao pasaporte, como a todos os saharauís «e, por suposto, falar con estranxeiros».

Ese mesmo ano, coa axuda da Fronte Polisario, Daud El Khadir logrou fuxir aos campamentos de refuxiados a través da fronteira alxeriana. Logo enviárono a París, onde pasou un ano en proceso de recuperación a cargo do gabinete de psicólogos dunha ONG.

9

O funcionario Youssfi Kaddour, ao que tamén se refire Gilles Perrault no seu libro, dirixiu a tortura, degradación física e psicolóxica e humillación dos presos políticos saharauís e marroquís na cadea de Derb Moulay Chérif, entre 1970 e 1980, onde era o máximo responsable. Baixo o seu mandato foron secuestradas máis de duascentas persoas. En 1994 o torturador Youssfi Kaddur foi elixido polas autoridades do seu país para formar parte da delegación oficial marroquí convocada en Xenebra polo Comité contra a Tortura da ONU, en función do artigo 19 da Convención contra a tortura, as penas inxustas, e os malos tratos, inhumanos ou degradantes. O 16 de novembro de 1994, Youssfi Kaddour estivo presente no Pazo das Nacións de Xenebra, onde foi recoñecido polas súas antigas víctimas de nacionalidade marroquí que asistían á Comisión contra a Tortura e que o denunciaron inmediatamente. Ata tal punto chega a hipocrisía e o cinismo de Hassan II.

10

«De neno estudiei baixo a ocupación marroquí. Pero nun colexio español do Aaiún, no Colegio de La Paz. O meu nome

completo é Hassan Moloud Ahmed Baba, anque podes chamarme Hassan. O colexio non durou moito: como aos marroquís non lles facía gracia que houbese escolas españolas no Sáhara, foron eliminando un curso por ano, ata que o pecharon. En realidade non o pecharon, convertérono nunha escola marroquí. Claro, daríaste conta de que cando rematamos oitavo xa non tiñamos ónde seguir estudiando. Daquela marchamos a Tánxer, onde se pode facer o BUP español. Nese sentido, as autoridades mostráronse encantadas, pois a súa ilusión é afastar do Sáhara a mocidade e integrala entre o propio pobo marroquí. Un xeito intelixente de desdebuxar a nosa identidade. En Tánxer estudiamos no Instituto de España ata rematarmos COU. Logo, para seguir estudiando, debiamos trasladarnos á península, xa que en Marrocos non che convalidan o ensino español. Ademais, sería moi difícil para nós, logo de estudiar sempre en lingua española, vernos obrigados a continuar na universidade en árabe e francés. Pero, por outra banda, como sabes, aos saharauís non nos conceden o pasaporte porque non temos dereito a saír do país. O noso carné de identidade, marroquí, leva escritas ben claras as iniciais SH, que significan Sáhara. Calquera persona que leve o SH no carné ten prohibido saír do país. Ora, iso si, cada final de curso o gobernador do Aaiún chamábanos a unha reunión onde nos daba a benvida á Nosa Terra, dicía el, que era o Sáhara, ao noso propio país. Logo sempre insistía en que resulta un agravio que os saharauís non quixeramos ser marroquís, cando todos os marroquís queren ser saharauís. Aí empezaba a parte traxicómica do asunto, ¿sabes? O tipo dicíanos que estaban convencidos de que pertenciamos ao Polisario. E, de contado, os insultos. Os insultos. Que era un xeito de torturarnos, humillándonos. Dicíannos que estaban convencidos de que eramos do Polisario e que nos podían eliminar se quixesen. E podían. Abofé que si. Os saharauís somos a última escoura dentro do noso propio país. Nunca podiamos saír á rúa a partir das nove da noite, por exemplo. E presionábannos a nós e ás nosas familias constantemente. Non tiñamos ningunha posibilidade de traballar. A vida alí é un inferno. Durante a colonización española meu pai traballaba no

Hospital Nacional do Aaiún. Logo da ocupación marroquí, continuou traballando uns anos ata que o botaron, para substituílo por un colono. Iso é do máis frecuente. Os saharauís que ocupaban determinados postos de traballo durante a colonización española, sobre todo funcionarios e persoal cualificado, foron expulsados de xeito masivo, creo que no ano 82. Os saharauís



viven relegados ao comercio e ao gando. Non morren de fame, pero as súas condicións non son boas porque están marxinados no seu propio país. Esa era a situación e así se presentaba o noso futuro. Daquela, se non estudias, se non tes posibilidades de traballar, se a túa familia sobrevive a duras penas, e ademais o poder está contra ti, acabas por fartarte e pensas en evadirte daquel inferno. Non é doado, desde logo, pero intentas fuxir.

Así que planeamos a fuga. Corría o ano 1985. Eramos vinteún estudiantes que estabamos no Instituto de España de Tánxer e todos queriamos fuxir. Inicialmente buscamos contactos, pero non houbo xeito. Unha fórmula eran as sonadas pateiras, pero en ocasións embarcas nelas, téñente toda a noite dando voltas no mar e ás seis da mañá dinche que xa chegaches e déixante outra vez en Marrocos. Outras veces, logo de cobrarche, eles mesmos se chivan á policía. Non, non era doado. Había que ir con ollo. A modo. Non podiamos caer nunha desas trampas porque sería a nosa fin. Así que, coa axuda dun amigo español de Ceuta, que era membro de Amnistía Internacional, pla-



neamos a nosa fuga. El veu a Ceuta e púxonos en contacto coa delegación do Polisario en Madrid. Actuou como intermediario. Saímos en grupos pequenos. De Tánxer a Tetuán, de Tetuán a Castillejos e de Castillejos, a través da montaña, a Ceuta. ¿Como? No lado marroquí, correndo, divididos en grupos. No lado español, controlando as patrullas da fronteira e aproveitando os cambios de garda. Cada grupo atravesou nun día distinto. O noso amigo conseguiunos un contacto en Ceuta que nos acollía na súa casa a medida que iamos entrando. O problema foi que eramos moitos no piso e empezamos a chamar a atención. Sete de nós marcharon para un ático noutro lugar. Con todo, algún veciño avisou á policía argumentando que había demasiados árabes no edificio. Varios Land Rover de axentes armados rodearon a zona e entraron no piso con metralladoras. Puxéronnos a todos contra a parede coas mans en alto. Leváronnos a comisaría. Alí viñeron as explicacións. Que non eramos inmigrantes ilegais. Que non pretendiamos buscar traballo. Que só queriamos chegar a Alxeria para unirnos á Fronte Polisario. Que solicitabamos asilo político de tránsito.

A policía recluíunos nunha residencia de anciáns, constantemente vixiados. As distintas delegacións do Polisario en España, en colaboración con Amnistía Internacional, comezaron a filtrar a noticia aos medios de comunicación e a darlle publicidade. A prensa española publicou que máis de 80 saharauís acababan de liscar de Tánxer, buscando abeiro en Ceuta. A nosa fuxida, tan espectacular por numerosa, tivo grande eco nos xornais, emisoras de radio e televisión. As autoridades españolas quixeron repatriarnos a Marrocos pero a presión social impediullo. O gobernador de Tetuán solicitou a nosa repatriación alegando que eramos criminais e que fuxiramos tras cometer diversos actos delictivos. Ante as dúbidas das autoridades españolas, permanecemos na residencia de anciáns durante un mes e cinco días. O incidente do pesqueiro *Junquito*, que se produciu entón, agravou a nosa situación. España estaba entre a espada e a parede, sen saber qué facer. Non sabían se devolvernos a Marrocos, o que empeoraría considerablemente as relacións españolas con Alxeria, ou mandarnos a Al-

xeria, o que lles ía supoñer dificultades con Marrocos. A cuestión era esa, porque a España o Polisario importáballe pouco. Así que optaron por unha saída intermedia: entregarnos a Tunisia, un país neutral. Estivemos unha semana na capital tunisia, explicando os feitos en roldas de prensa, e finalmente fomos enviados aos campamentos de refuxiados de Tinduf. Pero a miña familia quedou no Aaiún.»

11

Sidahmed Darbal é outro dos 21 estudiantes fuxidos de Tánxer no ano 1985. Tiña 19 anos cando saíu de Marrocos. «Alí viviamos sempre co medo no corpo, nunha insoportable situación de tensión.» Como os seus compañeiros, pasou catro anos no Instituto Español de Tánxer. «Cando estabamos estudiando naquela cidade, podíase coller a Televisión Española. Se estabamos vendo o telexornal e por casualidade falaban do Sáhara, o propietario do bar cambiaba automaticamente de canal. Tiña moitísimo medo.»

Os vinteún estudiantes saíron do país divididos en grupos de catro ou cinco pero ningún deles, salvo quen coordinaba, sabía con qué compañeiros lles tocaba saír, por cuestións de seguridade. «Os do noso grupo atravesamos a fronteira simulando ser contrabandistas. Agachamos o carné de identidade, que nos identificaba como saharauís, e pasamos coa documentación estudiantil, subornando aos policías e facéndolles crer que regresariamos á tardiña.» Esa fronteira é un coador para os contrabandistas. De alcol a droga, todo cabe baixo as xilabas. «Logo, na parte española, tivemos que atravesar correndo.»

Sidahmed pertencía ao grupo de sete persoas que non estaba no piso de Ceuta cando foron cercados pola policía española. «Pero cando soubemos da detención dos nosos compañeiros, decidimos entregarnos en sinal de boa vontade. Dixémoslles ás autoridades que non viñamos a cometer ningún delicto e que estabamos esperando o momento propicio para entregarnos e solicitar asilo político.»

12

Os arredores da oficina da MINURSO en Smara, onde ten lugar o proceso de identificación de votantes, son un fervedoiro de xente. O cálido sol invernal resulta agradable, pero sopra un vento lixeiro, molesto nos ollos.

—Cara ao serán acouga –di.

É Mohamed Lamin Embareck Bachir, nacido en 1972. Reside nos campamentos de refuxiados, pero en xaneiro de 1998 acudiu como observador do proceso de identificación de votantes nos territorios ocupados, acompañando aos *chiujs*. Estivo na zona marroquí de Glmin e na rexión de Tantan e Tarfaia, onde reside un bo número de saharauís con dereito a voto. Está convencido de que cando chegue o momento toda a poboación das zonas ocupadas votará a favor da independencia «aínda que agora moitos calen por medo». Na viaxe fixo de emisario e carteiro en ambos os dous sentidos.

—Cando a xente che dá as cartas nas zonas ocupadas trata de non ser vista, porque vive asustada –dime.

Queda calado, fítame aos ollos e logo engade:

—A xente baixa a voz para falar. Algúns teñen os teléfonos intervidos. As mulleres atrévense máis. Teñen menos que perder.

Mohamed move a cabeza, observando o desfile de xente que pasa por alí a esas horas.

—Así e todo, cando estivemos alí houbo unha manifestación saharauí de protesta no Aaiún, o 25 de xaneiro.

Mohamed recoñece, sen embargo, que as perspectivas con respecto ao futuro nunca foron tan boas coma nestes momentos.

—Con todo, Marrocos realiza múltiples manobras para entorpecer o labor da ONU. Ás veces son cousas tan nimias como dificultar as cargas e descargas de material no aeroporto, pero pouco a pouco conseguen exasperar. Do que estou seguro é do moito que van presionar á xente para que vote en contra da independencia.



13

[Outubro de 1992]: Seis mozos saharauís son condenados por un tribunal militar de Rabat a 20 anos de prisión por participaren en manifestacións pacíficas no Aaiún e Smara. Posteriormente son encarcerados na prisión militar de Ben Sergaou, preto de Agadir. [2 de maio de 1996]: Son postos en liberdade baixo réxime de vixilancia. [9 de xuño de 1996]: Un deses mozos, Mohamed Benou logra fuxir das zonas ocupadas atravesando os muros e alcanzando os territorios liberados. É, polo de agora, o último fuxido.

14

Mohamed Benou. Número de rexistro no Comité Internacional da Cruz Vermella: 004081. Nacido en 1969 en Smara. Ten o pelo curto e revolto, crecho, e leva lentes. A súa segunda lingua é o francés, como acontece coa mocidade saharauí dos territorios ocupados. Cando fala, esfórzase en debuxar a difícil situación de tensión que aflora cada día da outra banda dos muros. Desde a súa chegada a Tinduf traballa en colaboración con AFAPREDESA.

—Os crimes políticos non cesan –di entristecido–. Ultimamente tivemos noticias de un no Aaiún e doutro en Smara.

Cando Mohamed Benou denuncia a sistemática violación dos dereitos humanos nas zonas ocupadas, que se fai rutina e cotianidade, e a falta de liberdade de expresión, e os incesantes abusos das forzas de seguridade, non está a teorizar. A súa propia historia e a súa propia familia aparecen e desaparecen desdebuxadas no espello das súas palabras.

«Eu formo parte dun grupo de seis saharauís que fomos detidos logo de participar en manifestacións pacíficas en Smara en 1992. Tras o noso arresto retivéronnos nove meses nun centro de detención secreta no Aaiún e posteriormente fomos enviados a Rabat. Alí condenáronnos a vinte anos de prisión por ter participado en manifestacións pacíficas que solicitaban

a aplicación do Plan de Paz para o Sáhara Occidental, a liberación dos presos políticos e información sobre os "desaparecidos" mortos en mans das forzas da orde. Durante o xuízo non tivemos dereito a avogados e a sesión, secreta, realizouse a porta pechada». Tras a condena, as nais e pais dos detidos organizaron unha manifestación diante do Pazo Real de Rabat, esixindo a liberación dos seus fillos. «A resposta das autoridades foi trasladarnos, cos ollos vendados e as mans encadeadas, á prisión militar de Agadir.» Alí permaneceron, novamente en segredo, durante nove meses. As familias dos detidos fixeron unha folga de fame coa que, finalmente, conseguiron visitar os presos por primeira vez. Era agosto de 1993.

Unha forte mobilización da opinión pública internacional logrou que o Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) os puidese visitar na prisión militar de Agadir. Finalmente, ante as demandas dos organismos internacionais, o réxime marroquí viuse obrigado a liberalos.

—Puxéronnos en liberdade en maio de 1996. En xuño dese mesmo ano conseguín alcanzar os campamentos de refuxiados.

Sen embargo, non fóra esa a primeira vez que arrestaban a Mohamed Benou. Anteriormente, sufrira unha detención secreta de seis meses. «Xa que logo, eu non podía continuar vivindo en territorio ocupado.» O único xeito que atopou para saír de alí foi intentar franquear os muros que separan as zonas ocupadas das liberadas. Un auténtico suicidio. «A pesar da vixilancia, a pesar dos muros, a pesar das minas e dos arames, logrei cruzar. Calquera cousa era mellor que permanecer alí. Era a miña única saída». Xa do outro lado, buscou aos combatentes saharauís do Polisario, que o conduciron aos campamentos de refuxiados. «Permanecín tres días e tres noites ao pé dos muros, morto de sede e de fame. A calor era infernal, pero o verdadeiro inferno quedara definitivamente atrás.»

INDICE

O exilio 3
A guerra 13
Territorio ocupado 37